

INTERVENCIÓN

LVP/slb

Refª: ispac6698359910851756061.doc

Asunto: Decreto aprobación modificación orzamentaria XC 25-2025 SUBV. S.FROILAN DEPUTACION

DECRETO

EXCMO. SR. DON MIGUEL FERNÁNDEZ MÉNDEZ, ALCALDE PRESIDENTE DO EXCMO. CONCELLO DE LUGO,

ASUNTO: APROBACIÓN DA MODIFICACIÓN DE CRÉDITO NA MODALIDADE DE XERACIÓN DE CRÉDITO (EXPTE XC 25/2025). "CONVENIO INTERADMINISTRATIVO DE COOPERACIÓN ENTRE A DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE LUGO E O CONCELLO DE LUGO PARA COOPERAR NO FINANCIAMENTO DOS GASTOS DERIVADOS DA ORGANIZACIÓN E EXECUCIÓN DE "ACTIVIDADES SAN FROILÁN 2025"

- Visto, CONVENIO INTERADMINISTRATIVO DE COOPERACIÓN ENTRE A DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE LUGO E O CONCELLO DE LUGO PARA COOPERAR NO FINANCIAMENTO DOS GASTOS DERIVADOS DA ORGANIZACIÓN E EXECUCIÓN DE "ACTIVIDADES SAN FROILÁN 2025" aprobado por acordo da Xunta de Goberno local núm. 12/374 do 17.09.2025 cuxo obxecto figura reflectido na cláusula Primeira:

"Este convenio ten por obxecto establecer as bases de cooperación entre a Deputación de Lugo e o Concello de Lugo en exercizo das súas competencias, para a execución das actuacións que se detallan a continuación"

Actuación:	CUSTE TOTAL
Organización e execución de "Actividades San Froilán 2025"	
Concertos en Praza de Santa María, Horta do Seminario e Praza da Mosqueira	299.596,00 €
Actividades para público familiar	19.468,90 €
O San Froilán Máxico no teu barrio	17.424,00 €
Electronic Music Fest	4.053,50 €
XXVII Mostra Tradicional de música Domingo das Mozas	12.207,60 €
Verbena Galega d'antes	5.280,00 €
Actuación Miss Deusa	3.500,00 €
O San Froilán Sorrí	8.470,00 €
CUSTE TOTAL	370.000,00 €

Para alcanzar este obxectivo compartido, ambas administracións comprométense a realizar as seguintes achegas económicas:

ACHEGA DEPUTACIÓN	ACHEGA CONCELLO	TOTAL
370.000,00 €	0,00 €	370.000,00 €

INTERVENCIÓN

LVP/slb

Refª: ispac6698359910851756061.doc

Asunto: Decreto aprobación modificación orzamentaria XC 25-2025 SUBV. S.FROILAN DEPUTACION

- Vista providencia do Xefe de Servizo de Cultura, Turismo e Promoción da Lingua, Xosé Manuel Cao Rei, do 19.09.2025, coa conformidade da Tenente de Alcalde delegada de área, solicitando modificación orzamentaria mediante a modalidade de xeración de crédito polo importe de 340.000,00 € e

Tendo en conta o interese na execución dos citados programas, así como a natureza de financiamento afectado da aportación da Excm. Deputación Provincial.

-Visto o informe de fiscalización previa da Intervención Xeral, Ref.: 1440/2025, do 23.09.2025.

Considerando o disposto nos artigos 179 a 181 do Real decreto lexislativo 2/2004 de 5 de marzo, polo cal se aproba o Texto refundido da lei reguladora das facendas locais; artigos 40 a 45 do Real decreto 500/1990 de 20 de abril, Regulamento orzamentario; as Bases de execución do orzamento vixente prorrogado, e sobre a base das atribucións conferidas a esta Alcaldía, en virtude do disposto no artigo 124.4 g) e ñ), da lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local e demais normativa, RESOLVO:

Aprobar o presente expediente de modificación de crédito mediante a modalidade de xeración de créditos (expediente número 25/2025), introducíndose nos estados de gastos e ingresos as seguintes modificacións, con imputación aos códigos de proxecto que máis abaixo se sinalan, creando, de ser o caso, as aplicacións orzamentarias indicadas:

Obxecto :

Importe total Gasto subvencionable: 370.000,00 €. co seguinte desglose

- Aportación Deputación Provincial: 370.000 €

- Aportación Municipal: 0,00 €

Coefficiente de Financiamento Afectado Global Inicial: 100 %

Observacións: Finanzamento.

Xeración de crédito: 340.000,00 € (No orzamento de ingresos figura unha previsión inicial no concepto 46100 de 30.000,00 €)

Xeración de créditos.-

ESTADO DE INGRESOS: Compromisos de ingreso da Deputación Provincial.-

Concepto	Código proxecto	Importe
46100	253380101	340.000,00 €
	TOTAL	340.000,00 €

ESTADOS DE GASTOS: Xeración de créditos en base ós compromisos firmes de aportacións anteriores.

Aplicación Orzamentaria	Código proxecto	Importe
33801.22699	253380101	340.000,00 €
	TOTAL	340.000,00 €

Sendo o expediente que se aproba firme e executivo sen máis trámites, polo cal deberase introducir na Contabilidade da Corporación os axustes derivados deste expediente.

Cúmprase.